

*Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as Asociacións Empresariais colaboradoras no Plan de Emprendemento para o establecemento dun marco de actuación conxunta en favor do desenvolvemento do espírito emprendedor no marco de Eduemprende.*

## MEMORIA DE TRANSPARENCIA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

### DECLARA

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou coas asociacións empresariais que colaboran no desenvolvemento do programa Atrévete, enmarcado dentro do Plan de Emprendemento Eduemprende, un convenio de colaboración que rematou a súa vixencia o pasado 30 de xuño do 2021.

Que Consellería de Cultura, Educación e Universidade desexa seguir contando coa colaboración destas asociacións empresariais e que, para este fin, se asinou un novo convenio con cada unha delas en data 9 de novembro do 2021 e cunha vixencia de duración de catro anos.

As asociacións empresariais colaboradoras son:

- Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón-Arteixo (A Coruña)
- Asociación de Empresarios Ferrolterra (Ferrol)
- Área Empresarial do Tambre (Santiago de Compostela)
- Asociación de Empresarios de Riveira (Ribeira)



- Asociación de Empresarios Seara (As Pontes de García Rodríguez)
- Confederación de Empresarios de Lugo/Federación CEL
- Asociación de Empresarios Sete Pontes (Vilalba)
- Asociación de Empresarios Polígono San Cibrao
- A Círculo de Empresarios de Galicia
- Asociación de Jóvenes Empresarios de Pontevedra

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración das entidades asinantes para promover e fomentar actividades e iniciativas emprendedoras dentro do marco de Eduemprende, Plan de emprendemento do sistema educativo de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o convenio asinado se fundamentan no seguinte:

Realización de actividades formativas para fomentar o espírito emprendedor como motor de innovación, competitividade e crecemento económico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

José Luís Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

